-**Obxecto:** renovación dos equipos informáticos municipais.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.-Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 29 de setembro de 2017.

**11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MONTEDERRAMO**.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01, unha subvención nominativa a favor do Concello de Montederramo, por importe de 30.000,00 euros, para proxecto de iluminación pública.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Montederramo, nos seguintes termos:

-**Importe**: 30.000,00 euros.

**-Obxecto:** proxecto de reforma da iluminación pública nas parroquias de Paredes, Gabín, Montederramo e Nogueira.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.-Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 30 de outubro de 2017.

**12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MUÍÑOS**.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01, unha subvención nominativa a favor do Concello de Muíños, por importe de 60.000,00 euros, para piscinas.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Muíños, nos seguintes termos:

-**Importe**: 60.000,00 euros.

**-Obxecto:** piscinas municipais e contorno destas.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.-Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 30 de novembro de 2017.

**13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MUÍÑOS**.- No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 63.300,00 euros a favor do Concello de Muíños, para obras Albercas do Baño “O Corgo”.

Posteriormente, no Pleno do día 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación orzamentaria, no que se propón o cambio de finalidade da dita subvención, para “acondicionamento de espazos públicos en Muíños”, de acordo co escrito do concello, de data 31 de marzo de 2017.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ao Concello de Muíños, nos seguintes termos:

-**Importe**: 63.300,00 euros.

**-Obxecto:** acondicionamento de espazos públicos en Muíños.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 30 de outubro de 2017.

**14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PUNXÍN**.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01, unha subvención nominativa a favor do Concello de Punxín, por importe de 18.525,00 euros, para substitución de enganches de acometidas no abastecemento de Punxín.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Punxín, nos seguintes termos:

-**Importe**: 18.525,00 euros.

**-Obxecto:** substitución de enganches de acometidas no abastecemento de auga potable, no termo municipal de Punxín.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.-Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 30 de outubro de 2017.

**15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RAMIRÁS**.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01, unha subvención nominativa a favor do Concello de Ramirás, por importe de 15.000,00 euros, para inventario municipal.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Ramirás, nos seguintes termos:

-**Importe**: 15.000,00 euros.

**-Obxecto:** modificación do inventario patrimonial do Concello de Ramirás.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.-Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 15 de novembro de 2017.

**<u>16.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA</u>**.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01, unha subvención nominativa a favor do Concello de San Cristovo de Cea, por importe de 50.000,00 euros, para electrificación do polígono.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa

proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de San Cristovo de Cea, nos seguintes termos:

-**Importe**: 50.000,00 euros.

**-Obxecto:** instalación eléctrica en AT para alimentación ao polígono industrial de Cea.

-**Xustificación**: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación**: ata o 30 de outubro de 2017.

**17.- APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN**.- Con data do 23 de xuño de 2017, por acordo da Xunta de Goberno concedéuselle á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/463.01.

Con data 27 de xuño de 2017, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, un escrito no que solicita o

anticipo do 100% do importe concedido de 50.000,00 euros, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

O artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense dispón que, se o beneficiario o solicita, se pode pagar o importe do anticipo solicitado, sempre que a entidade local beneficiaria da subvención, no momento do anticipo, non teña débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación, por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

De acordo co anteriormente exposto e co informe da Intervención desta Deputación Provincial, do día 7 de xullo de 2017, no que se informa que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín non ten débedas con esta Deputación, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación do pago anticipado, por importe de 50.000,00 euros, á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

O Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín deberá presentar a xustificación do gasto subvencionado, segundo o establecido no acordo de concesión.

**18.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figurar incluídos na orde do día, a Xunta de Goberno adoptou os seguintes acordos:

**18.a) APROBACIÓN LISTA DE ADHESIÓNS Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA O PERÍODO 2016-2019**.- De acordo co establecido na cláusula 5ª, apartado 2, do Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais para o período 2016-2019, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación aprobarase a lista de adhesións ó convenio marco, a medida que estas se vaian producindo, ordenando a súa publicación no BOP. Ó día da data consta a recepción no Rexistro de entrada da Deputación dos seguintes acordos de adhesión:

- Acordo do Pleno do Concello de Gomesende do 06.07.2017, notificado a esta Deputación o 13.07.2017 (con entrada no Rexistro Xeral de documentos o

19.07.2017), no que delega o exercicio das competencias municipais de inspección de tributos, exceptuando da dita delegación o tributo do ICIO.

Polo exposto, trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, adopta o seguinte **acordo**:

**1º.-** Aproba-la lista de adhesións ó Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais para o período 2016-2019 ata o 20 de xullo de 2017, integrada polas seguintes:

- Acordo do Pleno do Concello de Gomesende do 06.07.2017, notificado a esta Deputación o 13.07.2017 (con entrada no Rexistro Xeral de documentos o 19.07.2017), no que delega o exercicio das competencias municipais de inspección de tributos, exceptuando da dita delegación o tributo do ICIO.

**2º.-** Ordena-la publicación desta lista de adhesións no BOP, para os efectos previstos no artigo 7.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**18.b) APROBACIÓN LISTA DE ADHESIÓNS Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA NO RELATIVO Á XESTIÓN DE ABONADOS NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO DA AUGA**.- De acordo co establecido na cláusula 4ª, do Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica no relativo á xestión de abonados nos servizos municipais di ciclo da auga, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación aprobarase a lista de adhesións ó convenio marco a medida que estas se vaian producindo, ordenando a súa publicación no BOP. Ó día da data consta a recepción no Rexistro de entrada da Deputación dos seguintes acordos de adhesión:

- Acordo do Pleno do Concello de Gomesende do 06.07.2017, notificado a esta Deputación o 13.07.2017 (con entrada no Rexistro Xeral de documentos o 19.07.2017), no que delega o exercicio das competencias municipais para a

prestación da asistencia técnica no relativo á xestión de abonados nos servizos municipais do ciclo da auga.

Polo exposto, trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

**1º.-** Aproba-la lista de adhesións ó Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, para a prestación da asistencia técnica no relativo á xestión de abonados nos servizos municipais do ciclo da auga, integrada polas seguintes:

- Acordo do Pleno do Concello de Gomesende do 06.07.2017, notificado a esta Deputación o 13.07.2017 (con entrada no Rexistro Xeral de documentos o 19.07.2017), no que delega o exercicio das competencias municipais para a prestación da asistencia técnica no relativo á xestión de abonados nos servizos municipais do ciclo da auga.

**2º.-** Ordena-la publicación desta lista de adhesións no BOP, para os efectos previstos no artigo 7.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**18.c) FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN PROVINCIAL**.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade para fixación de prezos de distintas publicacións da Deputación Provincial de Ourense, a **Xunta de** Goberno, tras a unanimidade declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Fixar os prezos de venda ao público das seguintes publicacións, polos importes que se indican:

**1.** **V.V.A.A**: *O farmacéutico de Cortegada Xosé Ojea (*obra en coedición coa RAG). Prezo por libro: **10 € (IVE incluído)**.

2. **Yáñez Casal, Antonio**: *Do meu nome e outras trapalladas* (premio Pura e Dora Vázquez). Prezo por libro: **6 € (IVE incluído).**

**<u>18.d) APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS CORRESPONDENTE AO CURSO 2016-2017</u>**.- Á vista da proposta formulada pola Dirección da Escola, de acordo co ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a Xunta de Goberno, tras a declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a programación anual da Escola de Artes e Oficios para o curso 2017-2018, co seguinte contido:

a) Accións formativas que se desenvolverán:

- Debuxo e iniciación á pintura
- Perfeccionamento en pintura.
- Talla e escultura en madeira.
- Modelado-escultura en barro.
- Olería.

b) Calendario dos cursos: do día 1 de outubro de 2017 ao 30 de xuño de 2018.

- Impartiranse 3 horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, de luns a venres, e en horarios que fixará a Dirección da Escola.
- En función da matrícula efectivamente existente, a Dirección poderá organizar o contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes.
- A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios, utilizando os medios materiais dispoñibles.

Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etcétera) será por conta deste. Como excepción, no curso de olería e modelado, a Deputación poderá adquirirlle o barro a un distribuidor e cobrarllo ao alumno a prezo de custo, sen prexuízo de que estes poidan adquirilo pola súa conta, se así o desexan.

c) Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.

O prazo de inscrición será durante os días 1 ao 30 de setembro, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso da matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación do pago de matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta.

d) Prezos públicos pola participación en accións formativas.

- Matrícula anual por disciplina: 50,00 €
- Abono mensual por disciplina: 10,00 €/mes por alumno.

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

O pago da cota mensual deberase efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días de cada mes. A falta de pago dará lugar de forma automática á suspensión do dereito de asistencia ao curso, que se manterá ate que se realice o referido pago.

Os prezos públicos indicados inclúen o IVE correspondente.

- Bonificacións: En todos os prezos públicos aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que teñan a condición de desempregados ou que formen parte dunha unidade familiar na que os dous proxenitores se atopen en situación legal de desemprego. A acreditación da condición de desempregado realizarase mediante certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

Ao abeiro do establecido no artigo 4.1.c) da Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios, establécese unha bonificación do 100% tanto na matrícula anual como no abono mensual, en todas as disciplinas para as persoas con síndrome de Down e persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. Para o acceso á dita bonificación, os interesados deberán acreditar o seu grao de discapacidade.

2º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.

**18.e) APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL E FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA PROVINCIAL DE DANZA CURSO 2017-2018**.- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a **Xunta de Goberno**, tras a unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, **adopta** o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar a programación anual da Escola de Danza para o curso 2017-2018, co seguinte contido**:

**1.- Actividades:**

A. Baile tradicional.

B. Canto tradicional e pandeireta.

C. Música para grupos de acompañamento de baile tradicional.

D. Obradoiro de xogos populares.

E. Talleres de tecido tradicional.

**A.- Baile tradicional**: dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos, sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Número de prazas por actividade: 200.
- Duración do curso: desde o día 2 de outubro ata o 30 de xuño.
- Horario: de luns a sábado de 17.30 a 21.00 horas, en función da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase: será de 1,30 horas semanais por cada materia.

**B.- Canto tradicional e pandeireta**: dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos, sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Número de prazas por actividade: 150.
- Duración do curso: desde o día 9 de outubro ata o 15 de xuño.
- Horario: de luns a sábado de 17.30 a 21.00 horas, en función da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase: será de 1,30 horas semanais por cada materia.

**C.- Música para acompañamento de grupos de baile tradicional**: dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos, sen límite de idade.

- Número de prazas por actividade: 30.
- Duración do curso: desde o día 7 de novembro ata o 30 de xuño.
- Horario: será en función da dispoñibilidade, da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase: será de 1 hora semanal.

**D.- Obradoiro de xogos populares**: programa gratuíto dirixido a todos os centros educativos de educación primaria e secundaria da provincia de Ourense.

- Duración do curso: o obradoiro realizarase durante tres semanas consecutivas en cada centro, entre os meses de novembro e xuño en horario lectivo, cunha sesión semanal adaptada a unha hora lectiva do centro. No período de xuño ata setembro as actividades levaranse a cabo nos concellos e asociacións da provincia tras a solicitude previa.

- Recursos materiais: o CCP Xaquín Lorenzo conta con todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

**E.- Talleres de tecido tradicional**: curso orientado para adultos.

- Número de prazas: 30.
- Duración do curso:
  . 1º curso desde o día 2 de outubro ata o 31 de xaneiro.
  . 2º curso desde o día 1 de febreiro ata o 31 de maio.
- Horarios: de luns a venres.
- Tempo de clase: 3 horas semanais.

**2.- Prazos e procedemento de inscrición:**

Desde o día 4 de setembro ata o día 31 de outubro para formalización da matrícula.

As inscricións realizaranse no CCP Xaquín Lorenzo, situado no Centro Comercial As Lagoas, praza Daniel González, no modelo normalizado facilitado no propio centro, tras o pagamento previo das taxas establecidas.

Os centros interesados no Obradoiro de xogos populares, deberán remitirlle a súa solicitude ao Rexistro da Deputación a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no BOP e ata o día 15 de outubro. Os interesados deberán presentar as solicitudes, dirixidas á Presidencia da Deputación de Ourense, no Rexistro Xeral da Deputación ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**3.- Prezo público:**

O prezo público das actividades é de 40 € en concepto de matrícula. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagaría 40 € pola matrícula e os restantes 15 € cada un deles.

Aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados.

O prezo público por cada taller de tecido tradicional en teares é de 55 € en concepto de matrícula.

A programación dos diferentes cursos, así como toda a información pertinente estará dispoñible para todos os interesados nas dependencias da propia Escola.

**2º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.**

**18.f) APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL E PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA DE GAITAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE 2017-2018**.- Unha vez vista a proposta formulada polo director da Escola de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, visto, igualmente, o ditame favorable da Comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, e tras a unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar a programación anual da Escola de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense para o curso 2017-2018, co seguinte contido:**

a) **Accións formativas que se desenvolverán:**

**Ciclo elemental gaita:**

Preparatorio 1: 20 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

**Ciclo medio gaita:**

1º curso: 40 prazas

2º curso: 40 prazas

3º curso: 40 prazas

**Ciclo superior gaita:**

1º curso: 10 prazas

2º curso: 10 prazas

3º curso: 10 prazas

4º curso: 5 prazas

**Curso especial para adultos gaita:**

1º curso: 40 prazas

2º curso: 20 prazas

**Percusión:**

1º curso: 20 prazas

2º curso: 20 prazas

3º curso: 20 prazas

Curso especial: 10 prazas

**Canto e pandeireta:**

Preparatorio 1: 15 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

1º curso: 20 prazas

2º curso: 20 prazas

3º curso: 20 prazas

**Curso adultos canto e pandeireta:**

1º curso: 30 prazas

2º curso: 30 prazas

**Zanfona:**

1º curso: 10 prazas

2º curso: 10 prazas

3º curso: 10 prazas

**b) Calendario de actividades:**

Os cursos iniciaranse o 2 de outubro e finalizarán o 30 de xuño, impartíndose 1 hora diaria por materia e 1 hora de ensaio diario e actuacións coas distintas agrupacións da Escola.

**c) Prazos e procedemento de inscrición:**

O prazo de matriculación será do 1 ao 20 de setembro de 2017, ambos incluídos, aprobándose o proceso de admisión e apertura do prazo de matrícula mediante Decreto da Presidencia, conforme co establecido nos artigos 6 a 9 da ordenanza reguladora.

Admitiranse como válidas as solicitudes de matrícula presentadas polos interesados antes da apertura formal do prazo de matrícula, considerándose presentadas para estes efectos o primeiro día do prazo.

No suposto en que o número de solicitudes exceda o de prazas dispoñibles, a selección dos solicitantes efectuarase mediante sorteo público. Non obstante o anterior, a Xunta de Goberno poderá ampliar o número de prazas, trala proposta

previa do director da escola, sempre que quede garantida a calidade do ensino e que a ampliación non implique incremento do gasto para a Deputación Provincial.

Excepcionalmente, e en función da existencia de vacantes e da demanda, a Presidencia poderá abrir períodos extraordinarios de matrícula ao longo do curso, dirixida a alumnos estranxeiros ou grupos de centros galegos da emigración.

**d) Prezos públicos:**

O prezo da matrícula por curso académico e materia será de 40 euros.

O pagamento da matrícula poderá realizarse do seguinte xeito:

- Pagamento total da matrícula no momento de realizar a inscrición.

- Pagamento fraccionado en 3 prazos, do seguinte modo: 20 euros no momento de realizar a inscrición e 10 euros nos 15 primeiros días dos segundo e terceiro trimestres de cada curso académico.

**2º.- Establecer a estrutura xeral das ensinanzas que se impartirán na Escola Provincial de Gaitas, nos seguintes termos:**

- As ensinanzas de gaitas estrutúranse en tres ciclos (elemental, medio e superior). O ciclo elemental componse de dous cursos, o ciclo medio de tres cursos e o ciclo superior de catro cursos.

- As ensinanzas de percusión estrutúranse nun único ciclo, dividido en tres cursos.

- As ensinanzas de canto e pandeireta estrutúranse en dous ciclos: elemental (dous cursos) e superior (tres cursos).

Complementariamente á dita estrutura fundamental, ofértanse cursos especiais para adultos nas disciplinas de gaita, percusión, canto e pandeireta.

A programación dos diferentes cursos serán definidas polo director da Escola de Gaitas e estarán dispoñibles para os interesados nas dependencias da Escola.

**3º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.**

**19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-** Non se presentaron.

**20.- ROGOS E PREGUNTAS**.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e un de xullo do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,** **O VICESECRETARIO,**